



CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN E INNOVACIÓN DEMOCRÁTICA

REXENERANDO SCG
comunicacion@rexenerando.com

Asunto: notificación de resolución

Por delegación da Xunta de Goberno Local, a concelleira de Participación e Innovación Democrática, resolveu en data 15 de setembro do 2017 o seguinte:

“Primeiro: Autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor a para o servizo de comunicación, mediación, organización e dinamización do proceso participativo ao redor do documento “Diagnose e estratexia metropolitana da área urbana da Coruña” a Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega con CIF F70418439 € polo importe ofertado de 19.481€ (IVE engadido), con cargo á aplicación 80.924.227.68, previo informe da comisión nomeada para a valoración das ofertas, por ser a única oferta presentada sendo acorde cos requisitos e condicións establecidas na convocatoria. O contrato se desenvolverá durante o exercicio 2017.

Segundo. Encomendar ao Departamento de Participación a vixilancia para o cumprimento do contrato”.

O que lle comunico para o seu debido coñecemento e para os efectos oportunos, significándolle que é definitiva en vía administrativa e contra esta cabe interpoñer os seguintes recursos:

Con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación (arts. 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

Poderá ademáis, interpoñer no prazo de dous meses contados dende a recepción desta notificación, o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña

A Coruña, 19 de setembro do 2017

A xefa do Servizo de Interior

Laura González Moreno